

1 Wiki

1.1 Sumario

- 1 Que é un wiki?
- 2 Vantaxes
- 3 Edición
- 4 Os wikis como ferramenta educativa
 - ◆ 4.1 Fonte de información
 - ◆ 4.2 Creación de contidos
 - ◆ 4.3 Outras propostas
- 5 Referencias

2 Que é un wiki?

Un wiki (do hawaiano wiki wiki, «rápido») é un sitio web colaborativo. Os usuarios dun wiki poden editar o contido dunha páxina web de xeito interactivo, fácil e rápido, todo iso a través dun navegador web, utilizando unha notación sinxela para dar formato, crear enlaces, etc.

Os wikis conservan un historial de cambios que permite recuperar facilmente o estado anterior dunha páxina. Isto é importante porque cando alguén edita unha páxina wiki, os seus cambios aparecen **inmediatamente** na web, sen pasar por ningún tipo de revisión previa.

3 Vantaxes

As principais vantaxes derivadas de usar wikis son:

- Inmediatez na publicación de contidos
- Acceso "universal" mediante navegador Web
- Sinxeleza á hora de editar artigos
- Ampliación dos contidos de xeito colaborativo
- Creación de comunidade

4 Edición

Para poder editar artigos nun wiki normalmente hai que rexistrarse. Para rexistrate na Galipedia podes ir á seguinte ligazón: [Rexistro Galipedia](#)

Unha vez feito o rexistro poderemos editar os artigos. Hai unha zona de probas. En calquera caso, convén ser o máis obxectivos posibles á hora de contribuír para evitar verter opinións persoais que estarían fóra do alcance da ferramenta.

5 Os wikis como ferramenta educativa

Empreguemos como empreguemos os wikis, convén facer ver ao alumnado que se trata dunha ferramenta na que se traballa de maneira voluntaria e desinteresada, favorecéndose unhas persoas ás outras. Por este motivo, hai que prestar especial atención ás modificacións que se fagan de artigos xa existentes para que realmente os amplíen e melloren. Do mesmo xeito, que as novas entradas que se introduzan estean ben escritas, presenten información verdadeira e non conteñan descualificacións para ningunha persoa ou grupo de persoas.

5.1 Fonte de información

Os wikis proporcionan unha fonte de información que, aínda que moitas veces non é completa, se pode usar para facer un primeiro achegamento a un concepto. Loxicamente, a calidade desta información dependerá do wiki (ou do propio artigo dentro do wiki). O acceso é de balde polo que sempre que queiramos que o alumnado amplíe determinada información que se lles dá na clase, podemos recomendarlles o seu uso. Dado que os wikis se están editando permanentemente convén revisar os contidos que o alumnado vai consultar e, incluso, engadir a información que se considere relevante para os seus obxectivos.

5.2 Creación de contidos

Pódense desenvolver dous tipos de actividades de creación:

- Edición de contidos a partir de artigos xa creados . Esta actividade pode estar guiada polo profesor indicando que información falta, así como referencias onde se pode atopar. O obxectivo é que alumnado localice e integre de maneira coherente contidos nos artigos xa existentes do wiki.
- Edición de contido empezando de cero. A actividade pasa por localizar unha entrada inexistente e engadila ao wiki artellando unha lista revisada polo profesor e/ou discutida cos compañeiros, do que se debería engadir.

5.3 Outras propostas

Outras posibles aplicacións para a utilización dos wikis no centro son as seguintes:

- Creación da páxina web da aula ou centro educativo de forma cooperativa entre alumnos e profesores
- Creación de FAQ ou glosarios para cada materia

6 Referencias

- Páxina web da [Wikipedia en galego](#)
- [Web principal de MediaWiki](#), aplicación base da Wikipedia.